

O DESAFÍO DO SIL

UN DOCUMENTAL DE D. D. DOCAMPO



FICHA TÉCNICA

TÍTULO: **O DESAFÍO DO SIL**

TIPO DE PROXECTO: **LONGAMETRAXE DOCUMENTAL**

PRODUTORA: **SOCIALDOCS**

DIRECCIÓN: **D. D. DOCAMPO**

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: **D. D. DOCAMPO / MANOLO GÓMEZ**

LOG LINE: **AS NECESIDADES DE MOITOS ANTECEDEN ÁS
NECESIDADES DE POCOS, E INCLUSIVE Á DUN MESMO.**

Contacto:

Domingo D. Docampo: domingo@socialdocs.es 609820137

Manolo Gómez: manolo.gomez.santos@gmail.com 697274675

Socialdocs.

Av. Fernández Latorre, 13, 4º D. 15006 A Coruña. T:981234497

E: info@socialdocs.es www.socialdocs.es



SINOPSE

En 1959, Alejandro del Campo, o novo enxeñeiro responsable dos proxectos de Saltos del Sil, durmía pouco. En xaneiro, un encoro de Eléctricas Moncabril sufrira unha rotura arrasando o pobo de Ribadelago na provincia de Zamora. Meses despois, o Sil baixaba cun caudal maior do previsto, e as presas de Santo Estevo e San Pedro aínda estaban en construción. O enxeñeiro era consciente do perigo que se achegaba en forma de riada. A posibilidade dunha traxedia, agora en Ourense, era real.

Mentres Diotino, empregado de Saltos del Sil, traballaba día e noite para mitigar os efectos da riada, os seus veciños, agricultores, seguían as súas rutinas con normalidade. Non eran conscientes da catástrofe que roldaba as obras. Tampouco da transformación que ían soportar as comarcas e as súas vidas cando estas terminasen.



PRINCIPAIS LOCALIZACIÓNS

PROVINCIA DE OURENSE


- **A RÚA DE VALDEORRAS** (OURENSE))
- **PRESA E CENTRAL DE SANTO ESTEVO** – NOGUEIRA DE RAMUÍN (OURENSE)
- **PRESA DE CHANDREXA** – CHANDREXA DE QUEIXA (OURENSE)
- **PRESA DE AS PORTAS** – VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)
- **PRESA DE O BAO** – O BOLO (OURENSE)
- **COMARCA DE VALDEORRAS**
- **POBRA DE TRIVES**
- **RIBEIRA SACRA**
- **OS PEARES**

PROVINCIA DE LUGO

- **PRESA E CENTRAL DE SEQUEIROS** – QUIROGA E RIBAS DE SIL (LUGO)
- **RIBEIRA SACRA**

PROVINCIA DE LEÓN

- **NACEMENTO DO RÍO SIL**. LA CUETA DEL BABIA (LEÓN)
- **COMARCA DE BABIA** (LEÓN)
- **COMARCAS DE LACIANA E O BIERZO** (LEÓN)





NOTA DO DIRECTOR

Cando o libro "A construción dos Saltos de o Sil 1945-1965" caeu nas miñas mans, non puiden parar de lelo. Falaba duns feitos, dunhas xentes e dunha zona que eu coñecía ben.

Desde neno convivín con Saltos del Sil. Na miña aldea, Petín, a empresa construiu un poboado, o colexio no que estudei levantouse coa súa axuda, e algún dos meus profesores traballaban para a empresa.

Da historia do Sil atráenme moitas cousas:

- A audacia duns empresarios que souberon adiantarse a súa época e ver as posibilidades de negocio.
- A xenialidade duns novos enxeñeiros, con apenas experiencia, que construíron obras pioneras en Europa.
- A capacidade de esforzo e entendemento de todos os directivos e empregados para salvar calquera obstáculo.
- E sobre todo, o cambio social e económico que significou a presenza das obras en núcleos, ata entón, exclusivamente rurais.

Ata agora téñome dedicado, sobre todo, á produción de documentais, pero segundo avanzabamos no proxecto, fun consciente de que quería dirixir o documental, pola proximidade coa historia, polo involucrado que estaba, e porque cada vez que falaba con algún dos antigos traballadores de Saltos de el Sil compartiamos o mesmo punto de vista sobre a aventura que foi a construción destas presas e centrais.

O meu obxectivo é facer partícipes aos espectadores destes acontecementos, que sen dúbida poden ser interpretados de múltiples formas. Aínda máis cando falamos de grandes obras, financiadas por grandes bancos, nas que participaron moitos idealistas, e nas que traballaron moitas persoas da zona para gañarse a vida.

Os diferentes puntos de vista, permitirán ao espectador realizar as súas propias valoracións, e sacar as súas conclusións da aventura que foi Saltos do Sil.

D. D. DOCAMPO . GUIONISTA E DIRECTOR

Director da produtora Socialdocs e profesor de Teoría da Imaxe e Técnicas audiovisuais na Escola Superior Marcelo Macías de A Coruña.

ÚLTIMOS PROXECTOS REALIZADOS

2018 **“O desafío do Sil”** Director, guionista e produtor. Longametraxe documental.

2017 **“Camiñando en círculos”**. Director, guionista e produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de xénero para o concello de O Valadouro (Lugo).

2016. **“O Partido”**. Director, guionista e produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de xénero para o concello de Ourense.

2016. **“Muller(es)Muller”** Produtor. Longametraxe documental sobre a transformación do rol feminino ao longo de tres xeracións (avoas, nais, netas)

2016 **“Un cuento Disney”** Director e produtor. curtametraxe e campaña de prevención da violencia de xénero para o concello de Ribeira (A Coruña).

2015. **“Disfraces”** Director e produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de género para o concello de Arteixo (A Coruña).

2015, **“Cara a Cara”**. Produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de género para o concello de Burela (Lugo).

2014- **“Diario sin candado”** Guionista e produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de xénero para o concello de A Coruña.

2014. **“Ji ta Kyo Ei”** Director, guionista e produtor. Documental sobre a historia do Judo en Ferrol.

2013. **“El Viaje”** Guionista e produtor. Curtametraxe e campaña de prevención da violencia de xénero para o concello de Ferrol (A Coruña).



MANOLO GÓMEZ. PRODUTOR EXECUTIVO

Produtor de documentais

“NO BORDERS” En desenvolvemento
“O DESAFÍO DO SIL” En posprodución

Produtor de Longametraxes de Animación

“O BOSQUE ANIMADO”
“O SOÑO DUNHA NOITE DE SAN XOÁN”,
“ESPIRITU DO BOSQUE”
“NOCHE DE PAZ?-HOLY NIGHT!”

PREMIOS:

Premio Nacional de Deseño 1998 “TROFEO LAUS” - Mellor Multimedia “BICHO”

2 Premios Goya. 2002- Mellor Película de Animación “O Bosque Animado” e 2006 “Soño dunha Noite de San Xoán”.

3 Nominacións aos Premios Goya, a mellor película de animación e a mellor curtametraxe de animación 2009 Mellor película de animación “Espíritu do Bosque” / 2010 Mellor curtametraxe de animación “El Bufón y la Infanta” / 2016 Mellor película de animación “Noche de Paz?- Holy Nigt!”.

Preselección premios Oscar 2003 de “O Bosque Animado”

Premio a mellor longametraxe de animación no Chicago International Children's Film Festival (CICFF 2002) e máis de 20 premios Internacionais

Premio AGAPI 2000 - Mellor Multimedia - WEB “EL BOSQUE ANIMADO”

Premio AGAPI 1998 - Mellor Multimedia “QUICK MAGIC”

Membro de: Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España, da European Film Academy, Creador e membro do Comité Organizador MUNDOS DIGITALES. 2002 al 2006 e ddo Cartoon Future. 2002 ao 2005. Titor do Master de Creación e Comunicación Dixital da Universidade da Coruña (1998-2008).

